



Programación DIDÁCTICA

HISTORIA DA MÚSICA

Conservatorio Profesional de
Música de Culleredo

Conservatorio Profesional de Música
Rúa Andrés Pan Vieiro, nº 30
15670 O BURGO-CULLEREDO
Tfno. 981.667798

e-mail: conservatorio@culleredo.es

INDICE**HISTORIA DA MÚSICA. CURSOS 4º E 5º DE GRAO PROFESIONAL.****PAX**

1. INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DAS ENSEÑANZAS	
ELEMENTAIS E PROFESIONAIS DE MÚSICA.....	2
2. OBXECTIVOS.....	3
3. CONTIDOS.....	4
3.1. Contidos xerais.....	4
3.2. Contidos específicos distribuídos por temas.....	5
4. METODOLOXÍA	11
5. RECURSOS DIDÁCTICOS.....	11
6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR TRIMESTRES.....	12
7. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.....	18
8. PROCEDEMENTOS PARA COORDINAR, VALORAR E REVISAR O DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS DA PROGRAMACIÓN.....	20
9. PROCEDEMENTO PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO	20
10 PROCEDEMENTOS DE ACCESO AO CURRÍCULO, SE É O CASO, PARA O ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS.....	21
11. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN.....	22
12. MATRÍCULA DE HONRA.....	22
13. PROBAS EXTRAORDINARIAS	22
14. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA.....	23
15. PROBAS DE ACCESO A 5º GP E 6º GP.....	23

1. INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DAS ENSINANZAS PROFESIONAIS DE MÚSICA

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen coma finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

Grao Profesional:

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento no Conservatorio Profesional de Música de Culleredo.

A finalidade do grao elemental é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade necesaria que permita acceder ao grao profesional.

O grao profesional ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

2. OBXECTIVOS

Segundo o disposto no Decreto do Grao Profesional, aprobado no Consello da Xunta de Galicia o día 27 de setembro de 2007, a materia de Historia da Música no Grao Profesional ha ter como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- a) Adquirir o hábito de escoitar música, tanto en soportes gravados como a través da asistencia aos acontecementos musicais presentes no seu entorno, interesándose por ampliar e diversificar as súas preferencias persoais.
- b) Captar, a través da audición, as características das correntes estéticas, co fin de situar as obras musicais no tempo e recoñecer o seu estilo.
- c) Coñecer e comprender a música de cada época, tendo en conta as relacións cos conceptos estéticos imperantes da cada unha, para poder aplicar as convencións interpretativas ao seu repertorio e desenvolver o seu sentido crítico.
- d) Valorar a importancia da música nas sociedades humanas, a través do coñecemento das relacións establecidas ao longo da historia entre a música e o resto das artes, así como dos feitos históricos e os movementos socioculturais máis salientábeis de cada época, con vistas a obter unha visión máis global do fenómeno musical.
- e) Reflexionar sobre o fenómeno sonoro como un aspecto máis da conduta humana, intimamente conectado co proceso histórico en que se encadra en todos os seus aspectos: económicos, sociais e culturais.

3. CONTIDOS

CONTIDOS XERAIS

- A música como feito social e cultural. Introducción ás fontes de información histórica e a súa utilización (recursos bibliográficos, fontes escritas, iconográficas, sonoras, etc.).
- A música na cultura occidental: formas e xéneros musicais, períodos, estilos, compositores, instrumentos, etc.
- Situación da obra musical no seu contexto social, económico, ideolóxico, histórico e artístico.
- A evolución da notación.
- Aproximación á organoloxía e á evolución dos instrumentos como condicionantes das posibilidades técnico - interpretativas e da propia composición do repertorio.
- Aproximación crítica á periodización da Historia da Música.
- Planificación e realización de traballos prácticos de aproximación histórica e análise.
- Comentario de texto literario - musical. Audicións analíticas, con ou sen partitura asociada.
- Análise iconográfica.
- Interese por ampliar e diversificar os gustos musicais.
- Actitude aberta e respectuosa ante os gustos e as opinións dos outros.
- Emprego dunha terminoloxía técnica e dun vocabulario xeral apropiados.

CONTIDOS ESPECÍFICOS DO 4º CURSO

1. A Música na antigüidade :

A música na vida e no pensamento da antiga Grecia. O legado de Grecia

2. A música litúrxica cristiá:

A música na igrexa primitiva. O desenvolvemento da notación. A liturxia romana. A misa. Características, xéneros e formas do "Canto Llano". Adicións ao canto religioso.

3. A canción e a música de danza na Idade Media:

A sociedade europea, 800 – 1300. A canción en latín e a canción vernácula. Trovadores e troveros. A canción noutros países. Os instrumentos musicais medievais. A música de danza.

4. A polifonía no século XIII:

O organum primitivo e a súa evolución. A polifonía aquitana. A polifonía de Notre Dame. O conductus polifónico. O motete. A polifonía inglesa.

5. A música francesa e italiana no século XIV:

A sociedade europea no século XIV. O Ars Nova en Francia, innovacións na notación. Guillaume de Machaut. O Ars Subtilior. A música italiana do "Trecento". A interpretación da música do século XIV.

6. A época do Renacemento:

O Renacemento na cultura e na arte. O Renacemento musical. A música coma arte do Renacemento. A imprenta musical.

7. Inglaterra e Borgoña no século XV:

A música inglesa. John Dunstable. A música nos países borgoñones. Guillaume Dufay. A misa polifónica.

8. Os compositores franco-flamencos:

Cambios políticos en Europa. Ockeghem e Busnois. A terceira xeración de compositores franco-flamencos. Josquin des Prez.

9. A música sacra na era da Reforma:

A Reforma. A música na Igrexa luterana. A música na Igrexa calvinista. A música sacra en Inglaterra. A música na Igrexa católica. Palestrina. España e o novo mundo. Orlando di Lasso.

10. O Madrigal e a canción profana no século XVI.

O villancico en España. A frottola e o madrigal italiano. A Chanson francesa. Alemania. Inglaterra.

11. A música instrumental no Renacemento.

Instrumentos. Tipos de música instrumental. A música instrumental en Venecia. Giovanni Gabrieli.

12. O século XVII. Novos estilos na música.

Contexto socio-político da Europa do século XVII. Do renacemento ao Barroco. Características xerais da música barroca.

13. A invención da Ópera.

Precusores da ópera. As primeiras óperas. Claudio Monteverdi. A difusión da ópera italiana: Florencia, Roma, Venecia. O poder dos cantantes na produción operística. A ópera como drama e como teatro.

14. A música de cámara e a música sacra na primeira metade do século XVII.

A música de cámara vocal italiana. A cantata. O basso ostinato. A música sacra católica. O oratorio. A música na Igrexa luterana. Heinrich Schütz. A música instrumental: tipos.

15. Francia, Inglaterra, España e o Novo Mundo no século XVII.

O barroco musical francés baixo o reinado de Luis XIV. O ballet e a música de corte. Jean Baptiste Lully e a ópera francesa. Música de cámara vocal francesa. Música sacra francesa. Música para laud e tecla. A música de danza. Principales movementos de dan-

za. O barroco musical inglés. Henry Purcell. O concerto público. Ópera, zarzuela e canción en España e o novo mundo. Música sacra e música instrumental en España e o novo mundo.

16. O barroco musical en Italia e Alemania na segunda metade do século XVII:

Italia: A ópera, o aria, a cantata. Música de cámara instrumental. Arcangelo Corelli. Os luthiers italianos. O concerto barroco, tipos e características. Alemania e Austria: A ópera, a canción, a cantata. A música vocal luterana. Dieterich Buxtehude. A música luterana para órgano. A suite orquestal. A sonata. A síntese alemana.

17. A primeira metade do século XVIII en Italia e Francia.

Contexto socio-político de Europa no século XVIII. A música en Italia: Nápoles, Roma e Venecia. Antonio Vivaldi: características dos concertos, a forma ritornello, influencia da súa música. A música en Francia. François Couperin. Jean Philippe Rameau: teoría armónica, óperas.

18. Os compositores alemáns do barroco tardío.

Os contextos da música en Alemania e Inglaterra. Johann Sebastián Bach. Georg Friedrich Händel.

CONTIDOS ESPECÍFICOS DO 5º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

1. A ópera e a música vocal ao inicio do período clásico.

A Europa de mediados do século XVIII, a ilustración. Funcións sociais da música: o concerto público. O gusto e os estilos musicais: estilos galante, empfindsam e clásico. A ópera cómica italiana: a ópera buffa, o intermezzo. A ópera seria: o aria. A ópera noutros idiomas: Francia, Alemaña, España, Inglaterra. A reforma da ópera: C. W. Gluck. A canción: o lied alemán. A música sacra. Oratorios e himnos.

2. A música instrumental: a sonata, a sinfonía e o concerto a mediados do século XVIII.

Instrumentos e conxuntos. Xéneros e formas: a forma sonata e outras formas. A música para instrumentos de tecla: Domenico Scarlatti. C.P.E. Bach. A música para orquestra: a sinfonía. O concerto.

3. A música clásica na segunda metade do século XVIII.

Joseph Haydn: os seus mecenas. O seu estilo de composición. A forma sinfónica. Os cuartetos de corda. As sonatas para teclado. As obras vocais.

W. A. Mozart: infancia e madurez. A música para piano. A música de cámara. Os concertos para piano. As sinfonías. As óperas. A música sacra.

4. A música na época de Beethoven. Revolución e cambio.

A sociedade europea a finais do século XVIII e principios do XIX. A revolución francesa e a revolución industrial. Ludwig van Beethoven: o período inicial e as obras máis representativas. O período medio: o testamento de Heiligenstadt. A sinfonía heroica e outras obras representativas do período. O período tardío e as obras máis representativas.

5. A xeración romántica: a canción e a música para piano.

A sociedade europea entre 1815 e 1848: O declive do mezenazgo. A práctica musical da clase media. O piano. O mercado da música e o novo idioma. O Romanticismo. Innovacións nos instrumentos musicais. O lied e a música para piano: Franz Schubert, Robert e Clara Schumann, Felix e Fanny Mendelssohn, F. Chopin, Franz Liszt.

6. O Romanticismo nas formas clásicas: a música para orquestra, de cámara e coral.

A música para orquestra: a formación orquestral, os directores, o público e os concertos, o nacemento do repertorio clásico. F. Schubert. H. Berlioz. F. Mendelssohn. R. Schumann. A música de cámara. A música coral.

7. A ópera romántica e o teatro musical ata mediados do século XIX.

As funcións da ópera. A ópera en Italia: G. Rossini. V. Bellini. G. Donizetti. A ópera en Francia: la gran ópera, la ópera comique, el ballet. A ópera en Alemaña: C. M. von Weber.

8. A ópera e o teatro musical na segunda metade do século XIX.

Tecnoloxía, política e nacionalismo. A música no seu contexto: nacionalismo e exotismo. A ópera. G. Verdi. Compositores italianos posteriores. R. Wagner. Francia. Rusia: P. I. Chaikovsky. O grupo dos cinco. M. Musorgsky. Rimski Korsakov. Outros países.

9. O Romanticismo tardío en Alemaña e en Austria.

Diversidade musical. J. Brahms: obras orquestrais, música de cámara, música par piano, obras vocais e corais. F Liszt. A. Bruckner. H Wolf. R. Strauss.

10. Tradicións diverxentes na segunda metade do século XIX.

Francia. Europa do este e do norte. España. Estados unidos. Recepción e recoñecemento.

11. Os inicios do século XX.

Tempos modernos 1898-1918. Innovacións: o son gravado e o seu impacto. As tradicións da música autóctona. A música moderna na tradición clásica. Alemaña e Austria. G. Mahler. As óperas de Strauss. C. Debussy. A primeira xeración moderna: Ravel. Falla. V. Williams. Holst. Janacek. Sibelius. Rachmaninov. Scriabin. A vangarda. E. Satie. O futurismo.

12. O modernismo e a tradición clásica.

Arnold Schönberg: obras tonais. Música atonal. O método dodecafónico. A. Berg. Anton Webern. Igor Stravinsky: o período ruso, o período neoclásico, o período serial. Bela Bartok. Charles Ives.

13. A música de entre guerras: o jazz e a música popular.

Situación socio política de occidente entre as dúas guerras mundiais. As artes e as novas tecnoloxías. Estados unidos: O teatro musical e o Jazz. G. Gershwin. D. Ellington. A música cinematográfica.

14. A música de entre guerras: a tradición clásica.

A música e a política. Francia e o grupo Les Six. Alemaña e a nova obxectividade. K. Weill. P. Hindemith. A música baixo o dominio nazi. A música na Unión Soviética: S. Prokofiev. D. Shostakovich. Brasil: H. Villalobos. Mexico: C. Chávez. S. Revueltas. Estados unidos: E. Varèse. H. Cowell. A. Copland.

15. A música despois de 1945.

A guerra fría e a tradición escindida. A música popular: música country, rhythm-and-blues e rock and roll. Broadway e a música cinematográfica. Do Bebop ao free jazz. A

herdanza da tradición clásica: O. Messiaen. B. Britten. Tradicionalismo tonal. Mixturas estilísticas. O serialismo e o serialismo integral. Complexidade non serial e virtuosismo. Novos sons e texturas. A música electrónica. A música de texturas e procesos. A vangarda. J. Cage: o azar e a indeterminación. A performance. A cita e o collage.

16. O fin do milenio

A cultura global. As novas tecnoloxías. As técnicas mixtas. Minimalismo e postminimalismo. A nova accesibilidade.

4. METODOLOXÍA

A metodoloxía procurará ser dinámica e integradora, na que se estimule o diálogo e a participación do alumnado, facilitando a aprendizaxe por descubrimento ao integrar as suxerencias dos alumnos e alumnas, podéndose así adaptar mellor ás súas necesidades.

As actividades na aula combinarán exposición do profesor, audicións, vídeos, comentarios e exposición do alumnado de algún contido da materia.

5. RECURSOS DIDÁCTICOS.

Os contidos da programación didáctica traballaranse a partir do libro “Historia de la Música occidental” (Burkholder, Grout, Palisca) na súa oitava edición como manual básico, se ben poden ser ampliados ou concretados con outras obras ou achegas do profesor.

En canto os recursos audiovisuais, dispoñemos na aula dun equipo de son, un proxector, un reprodutor de DVD's, e un ordenador. O centro conta ademais con fotocopiadora, gravadora de CD's, cámara de vídeo e varios ordenadores.

Na aula virtual achegaránse diversos contidos e materiais relacionados coa materia e utilizarase como medio para a entrega e corrección de traballos

6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR TRIMESTRES.

4º CURSO GP

A avaliación do proceso de aprendizaxe será continua; non obstante, ao cabo de cada trimestre realizarase varias probas escritas nas que se poida avaliar os coñecementos obtidos en cada uns dos temas.

Os criterios de avaliación para cada un dos trimestres serán os seguintes:

Primeiro trimestre

- 1) Identificar a través da audición de obras dende a Antigüidade ata a Idade Media as súas características máis salientábeis. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar o carácter, o xénero, a estrutura formal e os trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.
- 2) Ser capaz de comentar exemplos iconográficos representativos dende a Antigüidade ata a Idade Media con referencias musicais. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para establecer conclusións de tipo sociolóxico ante fontes de signo visual.
- 3) Estar capacitado para realizar comentarios de texto relativos á materia que abrangue dende a Antigüidade á Idade Media, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo. Este criterio avalía a capacidade dos alumnos e alumnas para captar e describir as ideas plasmadas polo autor, e de relacionalas coas correntes estilísticas dunha época concreta.
- 4) Poder relacionar a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento dende a Antigüidade á Idade Media. Este criterio avalía a evolución do pensamento crítico do alumnado, no referente á súa capacidade de valoración das etapas da historia da música, no global, ou de determinados autores e obras, no particular, dentro de contexto social e cultural en que se produciron.
- 5) Ter autonomía para poder realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñíbeis de xeito coherente e eficaz, partindo das

convencións de presentación do material establecidas. Este criterio valorará en qué medida o alumnado é quen de propor e realizar en termos aceptábeis, un traballo individual ou en grupo, que obrigue a manexar as fontes sonoras ou escritas, considerando como máis importante o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas máis que a relevancia ou oportunidade da temática.

Segundo trimestre

1) Identificar a través da audición obras do Renacemento para identificar os seus trazos máis salientables. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar o carácter, o xénero, a estrutura formal e os trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.

2) Ser capaz de comentar exemplos iconográficos representativos do Renacemento con referencias musicais. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para establecer conclusións de tipo sociolóxico ante fontes de signo visual.

3) Estar capacitado para realizar comentarios de texto relativos a etapa do Renacemento, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo. Este criterio avalía a capacidade dos alumnos e alumnas para captar e describir as ideas plasmadas polo autor, e de relacionalas coas correntes estilísticas dunha época concreta.

4) Poder relacionar a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento no Renacemento. Este criterio avalía a evolución do pensamento crítico do alumnado, no referente á súa capacidade de valoración das etapas da historia da música, no global, ou de determinados autores e obras, no particular, dentro de contexto social e cultural en que se produciron.

5) Ter autonomía para poder realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñíbeis de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas. Este criterio valorará en qué medida o alumnado é quen de propor e realizar en termos aceptábeis, un traballo individual ou en grupo, que obrigue a manexar as fontes sonoras ou escritas, considerando como máis importante o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas máis que a relevancia ou oportunidade da temática.

Terceiro trimestre

- 1) Identificar a través da audición obras da época do Barroco para identificar as seus trazos máis salientables. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar o carácter, o xénero, a estrutura formal e os trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.
- 2) Ser capaz de comentar exemplos iconográficos representativos da época do Barroco con referencias musicais. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para establecer conclusións de tipo sociolóxico ante fontes de signo visual.
- 3) Estar capacitado para realizar comentarios de texto relativos ao período Barroco, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo. Este criterio avalía a capacidade dos alumnos e alumnas para captar e describir as ideas plasmadas polo autor, e de relacionalas coas correntes estilísticas dunha época concreta.
- 4) Poder relacionar a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento da época do Barroco. Este criterio avalía a evolución do pensamento crítico do alumnado, no referente á súa capacidade de valoración das etapas da historia da música, no global, ou de determinados autores e obras, no particular, dentro de contexto social e cultural en que se produciron.
- 5) Ter autonomía para poder realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñíbeis de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas. Este criterio valorará en qué medida o alumnado é quen de propor e realizar en termos aceptábeis, un traballo individual ou en grupo, que obrigue a manexar as fontes sonoras ou escritas, considerando como máis importante o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas máis que a relevancia ou oportunidade da temática.

5º CURSO GP.

A avaliación do proceso de aprendizaxe será continua; non obstante, ao cabo de cada trimestre realizarase varias probas escritas nas que se poida avaliar os coñecementos obtidos en cada uns dos temas.

Os criterios de avaliación para cada un dos trimestres serán os seguintes:

Primeiro trimestre

- 1) Identificar a través da audición de obras do clasicismo e do Romanticismo as súas características máis salientábeis. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar o carácter, o xénero, a estrutura formal e os trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.
- 2) Ser capaz de comentar exemplos iconográficos representativos do período clásico e romántico con referencias musicais. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para establecer conclusións de tipo sociolóxico ante fontes de signo visual.
- 3) Estar capacitado para realizar comentarios de texto relativos á materia que abrangue o período clásico e romántico, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo. Este criterio avalía a capacidade dos alumnos e alumnas para captar e describir as ideas plasmadas polo autor, e de relacionalas coas correntes estilísticas dunha época concreta.
- 4) Poder relacionar a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento do século XVIII e a primeira metade do XIX. Este criterio avalía a evolución do pensamento crítico do alumnado, no referente á súa capacidade de valoración das etapas da historia da música, no global, ou de determinados autores e obras, no particular, dentro de contexto social e cultural en que se produciron.
- 5) Ter autonomía para poder realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñíbeis de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas. Este criterio valorará en qué medida o alumnado é quen de propor e realizar en termos aceptábeis, un traballo individual ou en grupo, que obrigue a manexar as fontes sonoras ou escritas, considerando como máis importante o rigor e a aplicación das técnicas de investigación

aprendidas máis que a relevancia ou oportunidade da temática.

Segundo trimestre

1) Identificar a través da audición obras do Romanticismo e Romanticismo tardío para identificar os seus trazos máis salientables. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar o carácter, o xénero, a estrutura formal e os trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.

2) Ser capaz de comentar exemplos iconográficos representativos do Romanticismo, Romanticismo tardío con referencias musicais. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para establecer conclusións de tipo sociolóxico ante fontes de signo visual.

3) Estar capacitado para realizar comentarios de texto relativos a etapa do Romanticismo, Romanticismo tardío e inicio do século XX ata a primeira guerra mundial, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo. Este criterio avalía a capacidade dos alumnos e alumnas para captar e describir as ideas plasmadas polo autor, e de relacionalas coas correntes estilísticas dunha época concreta.

4) Poder relacionar a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento do século XIX e do século XX ate a primeira guerra mundial. Este criterio avalía a evolución do pensamento crítico do alumnado, no referente á súa capacidade de valoración das etapas da historia da música, no global, ou de determinados autores e obras, no particular, dentro de contexto social e cultural en que se produciron.

5) Ter autonomía para poder realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñíbeis de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas. Este criterio valorará en qué medida o alumnado é quen de propor e realizar en termos aceptábeis, un traballo individual ou en grupo, que obrigue a manexar as fontes sonoras ou escritas, considerando como máis importante o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas máis que a relevancia ou oportunidade da temática.

Terceiro trimestre

- 1) Identificar a través da audición obras do século XX para identificar as seus trazos máis salientables. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar o carácter, o xénero, a estrutura formal e os trazos estilísticos máis importantes das obras escoitadas.
- 2) Ser capaz de comentar exemplos iconográficos representativos do século XX con referencias musicais. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para establecer conclusións de tipo sociolóxico ante fontes de signo visual.
- 3) Estar capacitado para realizar comentarios de texto relativos ao século XX, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo. Este criterio avalía a capacidade dos alumnos e alumnas para captar e describir as ideas plasmadas polo autor, e de relacionalas coas correntes estilísticas dunha época concreta.
- 4) Poder relacionar a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento do século XX. Este criterio avalía a evolución do pensamento crítico do alumnado, no referente á súa capacidade de valoración das etapas da historia da música, no global, ou de determinados autores e obras, no particular, dentro de contexto social e cultural en que se produciron.
- 5) Ter autonomía para poder realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñíbeis de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas. Este criterio valorará en qué medida o alumnado é quen de de propor e realizar en termos aceptábeis, un traballo individual ou en grupo, que obrigue a manexar as fontes sonoras ou escritas, considerando como como máis importante o rigor e a aplicación das técnicas de investigación aprendidas máis que a relevancia ou oportunidade da temática.

7. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Dentro dos procedementos de avaliación haberá dous tipos igualmente importantes: a avaliación do alumnado e a avaliación do funcionamento da programación.

7. 1. Avaliación do alumnado

7. 1. 1 Avaliación inicial

A avaliación inicial realizarémola ao comezar o curso, para poder detectar o grado de interese do alumnado cara a materia e ver se posúe coñecementos previos. No inicio de cada tema procuraremos facer unha enquisa oral para observar o grado de coñecemento do tema por parte de cada alumno.

7.1.2. Avaliación formativa

- Avaliaremos oralmente o proceso de aprendizaxe do alumnado para detectar os seus progresos e dificultades, podendo realizar unha atención individualizada en casos concretos.
- Realizaremos observacións sistemáticas a diario, que serán importantes para avaliar os contidos actitudinais.
- Realizaremos exercicios e actividades na aula, que permitan ao alumnado ir afianzando os contidos conceptuais e procedimentais (comentarios de texto, de partituras e de audicións).

7.1.3. Avaliación final

A asistencia ás clases presenciais é obrigatoria, polo que a avaliación do proceso de aprendizaxe será continua, o que supón que a nota final do alumno ou alumna vai a depender de diversos parámetros:

- Probas escritas ou orais trimestrais, coas súas respectivas recuperacións. As probas poderán constar de preguntas de tema, preguntas cortas, tipo test con xustificación da resposta, ou probas que combinen todos os tipos. O alumnado será informado con anterioridade dos tipos de probas. Iste tipo de probas valoraranse de 0 a 8, sendo o 4 a nota mínima para aprobar.
- Proba de recoñecemento e comentario de audicións correspondentes a parte teórica dada. Iste tipo de probas valoraranse de 0 a 2, sendo o 1 a nota mínima para aprobar.

- Asistencia activa e produtiva ás clases, tendo en conta que a avaliación deste punto estará baixo o criterio estrito do docente.

A nota final da avaliación será a suma das dúas probas. A nota da avaliación final será a media da suma das tres avaliacións trimestrais.

No caso do alumnado con faltas de asistencia reiteradas e se o profesor ou profesora considera que non ten ferramentas para a súa avaliación, o alumnado deberá de realizar unha proba na última semana do trimestre con todos os contidos teóricos e de recoñecemento de audicións do trimestre. No caso de que esta situación sexa continuada o alumnado deberá de realizar unha proba final antes da avaliación final ordinaria con todos os contidos teóricos e de recoñecemento de audicións do curso.

7. 2. Avaliación do funcionamento da programación.

Durante o desenvolvemento das actividades da programación teremos en conta:

- O grado de conexión das actividades propostas cos intereses do alumnado.
- As dificultades de cada alumno e alumna na resolución de problemas.
- A adecuación dos recursos empregados, temporalización e metodoloxía.
- Compenetración da selección de contidos e da súa secuenciación.

Isto permitirá realizar as modificacións convenientes durante o proceso de ensinanza, mellorando a calidade das actividades propostas en relación á resposta de aprendizaxe obtida.

8. PROCEDEMENTOS PARA COORDINAR, VALORAR E REVISAR O DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS DA PROGRAMACIÓN.

A programación coordinarase coas demais materias do nivel que cursa o alumno. A especialidade instrumental contribuirá a recoñecer os diferentes estilos musicais en relación coas diferentes etapas da historia da música. A materia de Harmonía axudará na análise e identificación de certas estruturas musicais representativas de cada período histórico. As materias como Coro, Conxunto ou Orquestra atopan como punto común o traballo en conxunto.

O departamento ao que se adscribe a materia encargárase de avaliar os resultados ao final de cada período lectivo. Ao rematar cada trimestre debe valorarse os resultados adquiridos polos alumnos con respecto aos obxectivos establecidos inicialmente. Así mesmo, revisaranse os obxectivos e contidos programados para o trimestre seguinte. Ao final do curso farase un análise dos resultados xerais do curso académico, recollendo nunha breve memoria o número de aprobados e suspensos, as cualificacións por alumnos e a media da promoción, obxectivos e contidos desenvolto e a que nivel, así como calquera outra peculiaridade que sexa proposta polo docente ou solicitada polo Xefe do departamento ou pola xefatura de estudos. Estes datos e o seu análise formarán parte da memoria anual do centro.

9. PROCEDEMENTO PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

A avaliación interna do departamento está enmarcada dentro dos procedementos de avaliación do centro. Ao finalizar cada curso o departamento porá en marcha a elaboración da memoria anual na que deberán ter en conta os datos aportados por cada materia. En base aos datos obtidos analizaranse posibles procedementos de mellora cara ao curso seguinte de forma conxunta que serán propostos ante a xefatura de estudos.

10. PROCEDEMENTOS DE ACCESO AO CURRÍCULO, SE É O CASO, PARA O ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS.

Tal e como recolle o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanza profesional de réxime especial de música, a adaptación das materias a alumnos con necesidades educativas especiais ou específicas non pode afectar aos compoñentes prescriptivos do currículo, polo que as medidas factibles que poderían poñerse en marcha para reforzar as aprendizaxes nestes casos serán medidas de reforzo e apoio educativo.

Neste mesmo sentido os alumnos de nova incorporación estarán suxeitos ao paso das correspondentes probas que establecen uns criterios mínimos de capacidade e aptitude para acceder aos estudos musicais.

Non deberemos perder de vista o establecido no decreto en referencia a que a finalidade do Grao Profesional deberá ser a de proporcionarlle ao alumnado una formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música. Polo tanto a adaptación das materias a alumnos con necesidades educativas especiais ou específicas está suxeita ás limitacións impostas por estas finalidades.

As medidas factibles que poderían poñerse en marcha para reforzar as aprendizaxes virán determinadas cas circunstancias específicas de cada caso, e serán as vinculadas coa adaptación da temporalización e secuenciación dos contidos, a orientación didáctica cara a cumprimentar as posibles dificultades da aprendizaxe, a adaptación dos recursos, sexan materiais, de mobiliario, bibliográficos, reorganización dos tempos lectivos e da sesión de clase, asignación de clases de apoio, cando a dispoñibilidade de profesorado o permita, o apoio das familias establecendo dinámicas máis estreitas de comunicación e cooperación, ou outras medidas reforzo e apoio educativo, sen que como xa se mencionou anteriormente, os compoñentes prescriptivos do currículo non se vexan afectados.

Por outra banda o propio decreto si establece un procedemento de Matrícula excepcional para alumnado coa capacidade suficiente que lle permita avanzar cara a cursos mais altos, o cal deberase ter en conta nestes casos.

11. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

Os alumnos e alumnas disporán de probas escritas e orais de recuperación se non superan os criterios de avaliación marcados para cada trimestre. Cada alumno e alumna só poderá optar a unha proba de recuperación por trimestre. O alumnado que non recupere a materia trimestral terá a posibilidade de superar a materia por medio dunha proba final que se fará antes da avaliación final.

12. MATRÍCULA DE HONRA

Tal e como dispón a orde do 10 de marzo de 2009, as matrículas de honra concederáse ao alumno que acade a cualificación de 9 e que sexa proposto polo departamento didáctico por instancia do profesor da materia ante la Comisión de Coordinación Pedagóxica, órgano competente para la concesión de dita cualificación.

O candidato realizará un traballo escrito que será exposto ante a comisión pedagóxica. O claustro poderá facer preguntas sobre o traballo exposto. O tema será de libre elección, relacionado coa materia pola que opta e terá unha duración de aproximadamente 15 minutos.

13. PROBA EXTRAORDINARIA

No mes de xuño porase á disposición do alumnado a posibilidade de superar a materia realizando unha proba escrita ou oral sobre a totalidade dos contidos non superados na avaliación final de maio.

A estrutura da proba será a mesma que a realizada en maio.

14. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

As ampliacións de matrícula teñen que ser solicitadas polo alumno na Secretaría do Centro antes do 30 de Novembro. Para que o alumno ou alumna poida ampliar a matrícula nesta materia debe de ter acadados na última semana de xaneiro a totalidade dos contidos da materia dos tres trimestres.

15. PROBAS DE ACCESO A 5º GP E 6º GP

Segundo establece o Decreto 203/2007 do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanza profesional de réxime especial de música, no seu capítulo 3, punto 3 b, dentro do exercicio teórico práctico para valorar os coñecementos dos cursos

anteriores a que se opte, realizarase unha proba tipo test con xustificación da resposta mediante un pequeno texto, sobre os contidos específicos dos cursos da materia de Historia da Música expostos en páxinas anteriores desta programación. Os aspirantes a realizar a proba de acceso ao 5º curso de Grao profesional realizarán a proba sobre os contidos do 4º curso GP e os aspirantes á proba de acceso a 6º GP realizarán a proba sobre os contidos dos cursos 4º e 5º GP